



**ASUNTO: PUBLICACIÓN DOS REQUIRIMENTOS DE EMENDA DE DOCUMENTACIÓN DAS SOLICITUDES PRESENTADAS AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DO 25 DE XUÑO DE 2012, DA SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN, POLA QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA DESENVOLVER ACCIÓNS DE FORMACIÓN LABORAL, COFINANCIADAS POLO FONDO SOCIAL EUROPEO, QUE CONTRIBÚAN A INCREMENTAR A PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS INMIGRANTES E RETORNADAS NO MUNDO LABORAL, NA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA E SE CONVOCAN PARA O ANO 2012.**

Examinadas as solicitudes presentadas ao abeiro da Resolución do 25 de xuño de 2012, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas a entidades sen ánimo de lucro, para desenvolver accións de formación laboral, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, que contribúan a incrementar a participación das persoas inmigrantes e retornadas no mundo laboral, na Comunidade Autónoma galega e se convocan para o ano 2012, e de acordo co establecido no artigo 16 do anexo I da devandita resolución, requírese ás entidades que se relacionan no Anexo para que no prazo de **10 días** contados a partir da publicación na páxina web emenden a falta ou acheguen os documentos preceptivos, en orixinal ou copia compulsada, indicados a cada entidade como motivo da emenda.

Advírtese que, segundo o artigo 71.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, de non emendar a falta ou achegar a documentación requirida no prazo antedito, se terá por desistida á entidade da súa petición, logo da correspondente resolución que será ditada nos termos previstos no artigo 42 da dita lei.

Para calquera información poderán dirixirse á Secretaría Xeral da Emigración no seu enderezo na Rúa Basquiños, 2, CP 15704 de Santiago de Compostela ou aos números de teléfono 981 9575 76 e 981 95 75 78.

Esta publicación realizarase simultaneamente no taboleiro de anuncios da Secretaría Xeral da Emigración e na páxina web [www.galiciaaberta.com](http://www.galiciaaberta.com).

Santiago de Compostela, 10 de agosto de 2012  
O Subdirector Xeral do Retorno e da Inmigración:

Por ausencia. O Xefe do Servizo de Planificación e Formación  
Joan Ribot Margarit